

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) PARA PROMOVER O COÑECEMENTO EN MATERIA DE CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN CON MADEIRA E A DIVULGACIÓN DE OBRAS EXEMPLARES.

En Santiago de Compostela a 12 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, presidente da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, DONA ELENA AMPUDIA AIXENDRI, actuando en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude da súa condición de decana-presidenta, elixida nas eleccións estatutarias celebradas o 27 de maio de 2019, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38.a) dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xullo (DOG nº 153, de 12 de agosto).

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente Acordo de colaboración.



EXPOÑEN

Primeiro. Que a Axencia Galega da Industria Forestal (en adiante, XERA) é unha axencia pública autonómica que, de acordo co Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo con principio de colaboración institucional.

Segundo. Que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG) é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia, con plena capacidade de obrar e autonomía para o cumprimento dos seus fins e execución das súas competencias entre as que destacan, procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos ao servizo da sociedade para o que poderá establecer acordos de colaboración con outros órganos e entes.

Así mesmo, ten entre as súas funcións as de cooperar na mellora do ensino e da investigación da arquitectura, do urbanismo e o medio ambiente; promover a investigación da arquitectura e do urbanismo así como asesorar e apoiar aos arquitectos no seu exercicio profesional, instituindo e prestando todo tipo de servizos incluídos os de información profesional e técnica e de formación permanente. (artigos 5 e 6 Decreto 105/2016).

Pola súa banda, a Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia establece entre os fins e funcións dos Colexios Profesionais (artigos 8 e 9 r) da Lei) a de *“Colaborar coas administracións públicas en materia das súas competencias”* e o artigo 7.3 dispón que *“(...) a Comunidade Autónoma de Galicia poderá celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados”*.

Terceiro. Que XERA ten como fin xeral e obxectivo básico actuar como un instrumento de impulso da actividade económica asociada a industria forestal, favorecendo a transferencia de coñecemento entre os diferentes axentes vinculados ó sector, contando para a consecución dos seus fins co Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira que, entre outras actividades, desenvolve asistencia técnica e forma a profesionais no campo da construción e a rehabilitación con madeira.

Cuarto. Que o COAG se configura como o colexio profesional que, en Galicia, ostenta a representación da profesión de arquitecto. *O artigo 5 d) do Decreto 105/2016 establece entre os fins esenciais do COAG o de “ Representar con exclusividade a nivel institucional á profesión, atendendo á súa colexiación obrigatoria e defender os intereses xenerais da profesión, en particular nas súas relacións cos poderes públicos”)* e ten entre as súas funcións a realización de actividades dirixidas á promoción e a difusión da arquitectura e do urbanismo, así como o asesoramento e apoio ós arquitectos no seu exercicio profesional e a súa formación.

Quinto. Que a Axenda de impulso da industria forestal establece as actuacións da XERA e identifica, como un dos ámbitos de actuación prioritario para o período 2019-2021, o da promoción do emprego da madeira en construción mediante, entre outros, o establecemento de relacións de colaboración con entidades corporativas que aglutinan prescriptores, como os colexios profesionais.

Sexto. Que os produtos de madeira para a construción pola súa sustentabilidade, capacidade de absorber CO₂, reducida enerxía de fabricación e reciclabilidade son un exemplo de bioeconomía circular sen parangón e poden xogar un papel crucial no camiño cara o obxectivo de neutralidade climática.

Así mesmo, o uso da madeira en construción garante espazos saudables, ofrecendo un impacto positivo no benestar das persoas e supón unha oportunidade para a mellora da competitividade da industria forestal que é un sector estratéxico da economía galega e un valioso elemento de fixación de poboación nas áreas rurais.

Sétimo. Que é desexo de ambas as dúas institucións establecer un marco de colaboración que favoreza a realización de traballos conxuntos para mellorar a formación dos arquitectos e potenciar a súa especialización en construción e rehabilitación con madeira, fomentar o intercambio de coñecemento con outras profesións con ámbitos de traballo compartidos e incrementar a notoriedade de obras exemplares, tanto entre arquitectos como entre a cidadanía en xeral.

En consecuencia, asinan o presente Acordo de colaboración para a realización de actividades conxuntas no ámbito da promoción da formación dos arquitectos e da transferencia e difusión do coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira así como da divulgación de obras exemplares e das vantaxes ambientais, sociais e económicas do emprego da madeira na construción.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente Acordo ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre o COAG e XERA, relacionado coas actuacións para promover a formación, transferencia e difusión do coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira e de divulgación de obras exemplares.

Segunda. Obxectivos estratéxicos da colaboración

- Diseñar actuacións conxuntas para difundir as vantaxes ambientais, sociais e económicas do emprego da madeira en construción así como á divulgación de obras exemplares.
- Colaborar en materia de transferencia de coñecemento mediante o asesoramento mutuo e o desenvolvemento de mecanismos comúns para a valorización de resultados relacionados cos obxectivos deste Acordo.
- Promover a colaboración en materia de formación, de divulgación de

produtos de madeira, das cadeas industriais de transformación locais, selos de garantía, conformidade normativa e sostibilidade, do uso e desenvolvemento de novos materiais de madeira para a construción e de técnicas construtivas e de rehabilitación.

- Cantos outros se consideren de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das institucións e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo de colaboración.

Terceira. Obxectivos específicos da colaboración

- Organización de accións formativas en tres bloques temáticos:

I. REHABILITACIÓN, incluído temáticas coma:

- Inspección técnica
- Patoloxía
- InteRvención
- Sistemas construtivos tradicionais
- E, en xeral, solucións construtivas e estruturais aplicadas á rehabilitación


II. EDIFICACIÓN, onde se incluírían temáticas coma:

- Sistemas estruturais
- Sistemas construtivos
- Nova solucións en madeira
- Fachadas
- CLT

- Normativa técnica de edificación

III. A SOSTIBILIDADE, que incluíría

- Ciclo de vida da madeira
- Edificacións pasivas
- Solucións sostíbles
- Trazabilidade



• Organización de actividades divulgativas e de promoción

- Organización de xornadas técnicas sobre produtos de madeira, técnicas construtivas e de rehabilitación.
- Programación de visitas a obras exemplares e viaxes de coñecemento.
- Creación de plataformas de divulgación de obras exemplares.

- Edición de publicacións.
- **Asesoramento técnico mutuo** no deseño de programas, accións ou liñas de axuda vinculadas á construción con madeira e no desenvolvemento de proxectos singulares.
- **Colaboración para a elaboración de estatísticas e informes** que recollan a evolución da utilización da madeira en construción.
- **Difusión de actuacións desenvolvidas** nos ámbitos da construción con madeira, tanto organizadas de modo conxunto como individualmente por ámbalas dúas institucións.

Cuarta. Coordinación e Seguimento

Crearase unha comisión de coordinación e seguimento deste Acordo integrada por dous representantes de cada entidade, á que lle corresponderá valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e a coordinación das actuacións a desenvolver.

Para este cometido, reunirase tantas veces como sexa necesario cando o solicite algunha das partes e, a lo menos, unha vez ao semestre.

Quinta. Custe económico

O presente Acordo de colaboración non xera obrigas económicas entre as partes asinantes.

Sexta. Vixencia do Acordo

O presente Acordo terá efecto a partir da data da súa sinatura e permanecerá vixente ata que calquera das partes teña vontade de deixalo sen efecto.

As partes comprométense a seguir este Acordo segundo o espírito que o fixo posible e, en proba de conformidade, o asinan en dous exemplares e a un só efecto, no



lugar e data indicados no encabezamento.

Sétima. Publicidade

O presente Acordo de colaboración, unha vez asinado, inscribirase no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O presidente de XERA



Francisco José Conde López

A decana do COAG


Elena Ampudia Aixendri
COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia